

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO BASES PARA CUBRIR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL CON CONTRATO POR INTERINIDADE UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL E CREACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN PARA A RESOLUCIÓN DAS IMPUGNACIÓNS ÁS PREGUNTAS DO EXAMEN TIPO TEST E CALIFICACIÓN DEFINITIVA DOS EXAMES TIPO TEST.

Reunidos na Casa do Concello sendo as 10.00 horas do día 9 de novembro de 2018, as persoas que constitúen o Tribunal cualificador para a cobertura mediante un contrato por interinidade dunha praza na categoría de Traballador/a Social e creación dunha lista de substitucións, segundo consta nas bases de convocatoria aprobada por Decreto nº 2018-1135 de data 7 de maio de 2018:

Presidenta: Dna. María Jesús de León Rodríguez

Secretaria: Dna. Lucía Vecino Fernández

Vogais:

Dna. Mónica Rodríguez Palacio

Dna. Ana María Aldrey Pereira

Dna. Nuria Barciela Ledo

O tribunal procede ao estudo das impugnacións presentadas:

1º.- Se presenta, por dona M^a del Carmen Suárez Llano, con DNI 32640241K, impugnación á pregunta nº 43, considerando que o enunciado da mesma difire substancialmente do artigo da constitución ao que fai referencia (39.3) e solicitando a anulación da mesma e sustitúla pola correspondente de reserva.

Este tribunal acorda, por unanimidade, desestimar a impugnación, considerando que se entende perfectamente o sentido da pregunta, máxime tendo en conta que si non se axustara ao artigo da constitución ao que fai referencia, a resposta correcta debería ser *ningunha é correcta*, non existindo esta alternativa. Polo tanto, a resposta correcta é a resposta b).

2º.- Se presenta, por dona María cristina Arias Míguez, con DNI 53171077E, impugnación á pregunta nº 15, considerando que a resposta correcta é a a) e non a d) como foi publicado, baseando a súa fundamentación no servizo de axuda no fogar.

Este tribunal acorda, por unanimidade, desestimar a impugnación, tendo en conta que o enunciado da pregunta é *O seguemento do programa de atención no fogar se realizará*, polo tanto refírese ao seguemento do PIA, que ven regulado no artigo 4.2 e 4.3. da ORDE do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. *Artigo 4. Realización do seguimento. 2. Realizarase, en todo caso, como mínimo, unha visita anual de seguimento no fogar da persoa en situación de dependencia. Durante o primeiro ano desde o recoñecemento da concreta prestación/servizo, non obstante, será preceptiva unha visita semestral. 3. Se o recurso é o servizo de axuda no fogar, a periodicidade establecerase con carácter bimensual, en concordancia coa Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.* Polo tanto, a resposta correcta é a resposta d).

3º.- Dona María cristina Arias Míguez, con DNI 53171077E, solicita anulación do exame considerando que hai varias preguntas no test e unha pregunta na parte das preguntas de reserva que corresponden a temas que non veñen contemplados no temario.

Dita reclamación non se pode valorar ao non especificar qué preguntas non se axustan a dito temario.

Este tribunal acorda, por unanimidade, non existir, examinada a alegación, motivo algún para anular a proba.

4º.- Se abren os sobres cos exames tipo test.

A continuación o tribunal procede á apertura dos sobres dos exames e a calificación dos mesmos, obtendo as seguintes puntuacións:

APELIDOS	NOME	DNI	P/NP	NOTA
ALVAREZ CERNADAS	LETICIA	*****272N	P	6
ALVAREZ DEL CAMPO	SEILA	*****939B	P	5,85
AMOROS GUILLEN	MARIA JOSE	*****669S	P	1,71
ARAUJO MONTENEGRO	NURIA	*****454D	P	4,14
ARIAS MIGUEZ	MARIA CRISTINA	*****077E	P	3,14
BARROS ALFONSO	REBECA	*****041R	P	3,85
BRUÑA SANCHEZ	NELIA	*****393W	P	4,57
CARRERA ALVAREZ	LORENA	*****593D	P	5
DIAZ MARTINEZ	YOLANDA	*****817T	P	3,85
EYRE MARIÑA	CRISTINA	*****215R	P	6,28
FERNANDEZ BERNARDEZ	DIEGO	*****232B	P	3,71
FILGUEIRA PIÑEIRO	IAGO	*****963W	P	4,85
GONZALEZ LAGO	LUCIA	*****655E	P	5
GONZALEZ SEOANE	ALBA	*****543W	P	4
HERMIDA GARAZO	MARIA DE LOS ANGELES	*****017W	P	2,85
MALVIDO RODRIGUEZ	MARIA AZUCENA	*****579E	P	4,71
MARTINEZ MORATO	JORGE	*****338G	P	6,28
OSUNA LEIROS	SONIA	*****508M	P	4,71
RIAL MARTINEZ	JORGE	*****751Q	P	8,71
RODRIGUEZ FERNANDEZ	YOLANDA	*****312R	P	6,85
SEQUEIROS AMEIJERA	ANGELA MONICA	*****695W	P	4
SUAREZ LLANO	MARIA DEL CARMEN	*****241K	P	7
VAZQUEZ BARREIRO	VIOLETA	*****993C	P	4
VAZQUEZ OTERO	ELENA	*****043H	P	7,14
VAZQUEZ VIEITEZ	ROMINA	*****390B	P	3,85
VELASCO AMIGO	ANDREA	*****644H	P	6,71

Á vista dos resultados obtidos, pasan á segunda fase da selección aqueles aspirantes que houberan obtido una puntuación igual ou superior a 5 puntos. O Tribunal acorda a celebración da segunda fase do proceso selectivo "Suposto práctico", que terá lugar o día 22 ás 10.00 horas, no Centro de Desenvolvemento local sito en Lomba do Cruceiro nº 5, Ribadetea, Ponteareas.

O tribunal remata a sesión cando son as 13.30 horas

Ponteareas, a 9 de novembro de 2018,

Presidenta Dna. María Jesús de León Rodríguez

Secretaria Dna. Lucía Vecino Fernández



Vogal I Dna. Mónica Rodríguez Palacio

Vogal II na. Ana María Aldrey Pereira



Vogal III Dna. Nuria Barciela Ledo

